Encontros Monográficos co Patrimonio Cultural 47

As rodas do Bronce Final en Galicia: entre os mortos e para os vivos

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
4 de xullo de 2024

Consello da Cultura Galega

As «rodas» son un tipo de xacemento de recente descubrimento. No ano 2006, nunha actividade de tipo preventivo documentouse a primeira, «A Roda de Barreiros», catalogada como un castro de pequeno tamaño e que, no curso das escavacións, foi interpretada como o primeiro xacemento de tipo *henge* de Galicia. Desde ese momento esta clase de xacementos foi de grande interese tanto para a investigación como para a sociedade.

Actualmente, a pesar de que hai aínda controversias relacionadas coa interpretación da función e o contexto destes sitios arqueolóxicos, xa podemos abordar a súa cronoloxía, os materiais e as estruturas que albergan, pois hai oito xacementos escavados parcialmente.

Malia que podemos falar de que este tipo de xacementos son do Bronce Final, en realidade estamos contando unha pequena parte da súa extensa e complexa historia, porque estes xacementos presentan unha duración longa no tempo, desde a súa construción ata o seu abandono.

Na actualidade, o número de xacementos deste tipo cartografados en Galicia supera os cincuenta, e xa podemos empezar a apreciar patróns de poboamento na rexión. Nestas xornadas preténdese dar a coñecer, por primeira vez en detalle, cada un dos xacementos escavados da man das persoas que dirixiron os traballos. Ademais, introducirase de forma preliminar unha caracterización territorial deles. Así mesmo, achegarase a opinión que a Administración e a prensa teñen das «rodas» como tema mediático en arqueoloxía galega e participará un especialista procedente de Francia, que achegará un marco comparativo para os nosos xacementos. Preténdese albergar un foro de discusión construtivo sobre este novo fenómeno monumental na Prehistoria do noroeste ibérico que quizais podería relacionarse cos cambios que se desenvolveron en Europa entre finais do segundo milenio e mediados do primeiro antes de Cristo.

Imaxe da portada: O xacemento do Corro dos Mouros (Santa María Madalena de Adai, Lugo), PNOA 1/2000, imaxe LiDAR (elaboración: Luis Cordeiro Maañón)

Programa

9:00 horas
Presentación

9:20 horas
O henge de A Roda (Barreiros, Lugo)
Juan Carlos López García, arqueólogo, director da escavación

9:40 horas
As intervencións arqueolóxicas en Ventosiños (Coeses, Lugo): resultados e interpretación do xacemento
Diego Piay Augusto, Universidad de Oviedo

10:00 horas
A escavación na roda de Lavandeiras (Xove)
Santiago Nogueira Ríos, Ambiotec, e **Pilar Prieto Martínez**, EcoPast-USC, Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), USC

10:20 horas
Sondaxes arqueolóxicas no recinto circular de Campo Redondo (Asados, Rianxo)
Julián Bustelo Abuín, GPN-USC

10:40 horas
Resultados das intervencións arqueolóxicas en Outeiro Grande (Bermés, Lalín)
Elena Taboada Durán, Árbore Arqueoloxía (S. Coop. Galega)

11:00 horas
Descanso

11:30 horas
Experiencia circular na Ribeira Sacra ourensá: a roda dos Castrullos (A Senra, Forcas, Parada de Sil)
Eduardo Breogán Nieto Muñiz, Breogán Arqueoloxía

11:50 horas
O círculo de Vilarello (A Pobra do Brollón): unha fortificación do Bronce Final ou algo máis?
Rodrigo Paulos Bravo, Universidad Complutense de Madrid, e **Xurxo Ayán Vila**, Universidade Nova de Lisboa

12:10 horas
O Corro dos Mouros (Adai, Lugo), unha roda con alma de seixo
Pilar Prieto Martínez, EcoPast-USC, CISPAC; **Luis Cordeiro Maañón**, EcoPast-USC, e **Francisco Alonso Toucido**, Tempos Arqueólogos

12:30 horas
Unha aproximación ás rodas desde unha perspectiva territorial
Luis Cordeiro Maañón, EcoPast-USC, e **Pilar Prieto Martínez**, EcoPast-USC, CISPAC

12:50 horas
Reconstruíndo a paisaxe prehistórica luguesa a través da teledetección. Un exemplo comparativo entre rodas e túmulos
Pablo López Fernández, arqueólogo independente, e **M.ª Guadalupe Castro González**, investigadora colaboradora do Grupo de Investigación EcoPast, Facultade de Bioloxía, e CISPAC, USC

13:10 horas
Debate

Programa

Sesión da tarde

16:30 horas
Fórmulas funerarias no suroeste de Francia entre o Bronce Final e a Idade do Ferro I
Antoine Dumas, Inrap NAOM, UMR 5607 Ausonius, Université Bordeaux Montaigne (Francia)

17:30 horas
O xornalismo ante os OHNIS (Obxectos Históricos Non Identificados). Rodas da Idade do Bronce, público e medios de comunicación en Galicia
Manuel Gago Mariño, Consello da Cultura Galega

18:00 horas
O xacementos de tipo «roda», unha aproximación desde a Administración galega
Roberto Pena Puentes, Servizo de Arqueoloxía, Xunta de Galicia

18:30 horas
Debate

20:00 horas
Fin da sesión

Organiza
Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)
Consello da Cultura Galega

Coordinan
Francisco Alonso Toucido
Xurxo Ayán Vila
Luis Cordeiro Maañón
Rodrigo Paulos Bravo
Pilar Prieto Martínez

Lugar
Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202

Inscrición
A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información
www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en http://consellodacultura.gal

Organiza:

Consello da Cultura Galega